



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO:** IES DE MUGARDOS

**CURSO:** 1º ESO

**MATERIA:** Educación Plástica, Visual e Audiovisual

**DEPARTAMENTO:** Debuxo

**DATA:** 12 Maio 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
	EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.
B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
	EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
	EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
	EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	<p>EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.</p> <p>EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.</p>
B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.
B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.
B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.

**AVALIACIÓN: PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CUALIFICACIÓN.**

Cualificación final	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1.ª avaliación	50%
2.ª avaliación	50%
3ª avaliación	Posibilidade de aprobar ou mellorar a nota final ordinaria nun máximo de 3 puntos.

O 3º trimestre quedaría do seguinte xeito:

- **A notas utilizadas para facer as medias entre a 1ª e 2ª avaliación son as obtidas sen aplicar redondeos.**(26 estándares dos cales 16 son básicos)
- **As actividades propostas (retos)** desde o primeiro reto, ao inicio do confinamento, ata a data do 4 de Xuño **servirán para sumar 3 puntos como máximo**.O 1º exercicio (que non foi un reto) serviu como avaliación diagnóstica sen valor na cualificación.
- **Será o alumnado quen faga o seu portfolio para decidir que retos queren que cualifique.**
- **O portfolio** (conxunto de traballos elixidos polo alumnado) se enviará ao final de curso na data estipulada que marcarei con tempo (poderá ser nun docs, nun writer ...)e **terá un apartado de autoavaliación.**
- Son retos vinculados ao currículo seleccionando estándares e competencias que considero básicos e imprescindibles. A miña intención é buscar situacións ou problemas relacionadas coa vida do meu alumnado neste momento do confinamento e do Covid 19, para avaliar así os seus coñecementos aplicándoos fora do contexto escolar. Os retos serán os desempeños a través dos que o alumnado adquire e manifesta a súa competencia. Presentarán producións plásticas que darán resposta aos retos, as veces darán explicacións ou xustificacións de cousas que teñan que ver cos procesos creativos ou con contidos adecuados.
- **Serán publicados no blog <https://plasticaonmarta.blogspot.com/>** e o alumnado enviará os seus traballos a través da tarefa de cada reto.
- Este **espacio de envío se publica na plataforma utilizada en cada curso**. En 1º é Edixgal. Deste xeito se informa tamén de que hai un novo reto.  
Haberá unha data de entrega moi ampla, máis dunha semana para cada proposta, pero é necesario respetala, porque fora desa data non se admite nada. Tendo sempre oportunidade de facer os seguintes.
- Cada vez que recibo un traballo sempre hai un feedback cun comentario ao respecto do traballado.

- No caso do **alumnado coa materia suspensa** por non chegar ao 5 despois de facer a media entre o 1º e 2º trimestre, **podería facer os retos necesarios ata conseguir ese 5** se cos 3 puntos non chegara.
- Habería retos cun valor máximo de 0,9 puntos e outros de 0,6 (ver táboa).**  
Este valor asignareino en función da complexidade do reto. O alumnado sabería de antemán o valor de ditos retos para poder facer o seu portfolio.
- O **alumnado coa materia xa aprobada** pode escoller libremente entre todos os retos publicados pero o **alumnado coa materia suspensa** deberá facer a súa escolla entre os retos que eu lle diga máis vinculados co currículo do seu curso.
- O **alumnado coa materia pendente** doutros anos, terá a mesma posibilidade de aprobar que o resto, pero **deberá conseguir os 5 puntos e escoller entre os que eu lle diga.**
- A proba extraordinaria de Setembro** será dos estándares imprescindibles seleccionados para repasar neste 3º trimestre. Será unha proba escrita cunha parte práctica, outra de reflexión e algunha de contidos.

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe		
Retos de Valor máximo	Retos de Valor mínimo	Búscase unha calidade, unha reflexión, un proceso creativo, un gusto pola precisión e a limpeza, pola experimentación, pola selección crítica das ideas ou traballos...
0	0	Responde ou realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea por non axustarse ao pedido. / Ou sen a precisión ou uso dos materiais e procedementos adecuados ao reto./ Moi mala execución.
0,3	0,2	Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría da actividade pero con algún fallo. / Comprende a actividade de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas./ Execución regular.
0,6	0,4	Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente toda a actividade con boa resolución e execución. / Comprende a actividade e emprega as estratexias axeitadas para resolvelo. /Case todos os requerimentos da tarefa están incluídos no que entrega.
0,9	0,6	Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución. Todos os requerimentos da tarefa están incluídos no que entrega. <b>Puntuación completa</b>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Produccións propias da nosa linguaxe: debuxos, fotos, esculturas..., con explicacións ou xustificacións nalgúns casos.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o meu alumnado ten conectividade suficiente para enviar fotos. Poderían enviar ao correo en caso de non ir ben as plataformas (correo publicado na web do centro e nas plataformas)
<b>Materiais e recursos</b>	Materiais de reciclaxe, folios, pinturas do que sexa que teñan na casa. Ferramentas de debuxo técnico nalgúns casos.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Polas plataformas que xa vimos usando. En 1º ESO Edixgal.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.